



CAMPAÑA DE COMPOSTAXE CASEIRA DOS
RESIDUOS ORGÁNICOS DO FOGAR



MANUAL DE COMPOSTAXE CASEIRA



*O compost, fertilizante natural
para a horta e o xardín*

Para elaborar un compost de calidade é fundamental que haxa unha correcta relación entre os restos de cociña e os da horta e xardín. Tendo en conta que, en determinadas épocas do ano, hai unha gran produción de follas, podas, e herba no xardín ou restos de colleitas na horta que encherían o composteiro, podemos almacenalos nun lugar á beira deste. Isto permítenos, por unha banda, non ter que botalo todo xunto ao composteiro e por outra, telo a man para incorporalo gradualmente xunto cos restos de comida. Propoñemos dous modelos de contentores para os restos de xardín e hora:

Autores

**Ramsés Pérez Rodríguez
Manuel Soto Castiñeira**

Debuxos

Virxinia Álvarez Rodríguez

Deseño

Alberte Sánchez Regueiro

Edita

ADEGA - Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Praza Camilo Díaz Valiño, 15 - 2ºA
15704 - Santiago de Compostela
Tfno/Fax 981570099
adega@adegagaliza.org
www.adegagaliza.org

D.L. : C-1269/03

Contentor de rede

Contentor de madeiras

SOLUCIÓNS SINXELAS AOS PROBLEMAS HABITUAIS

Se segues os pasos que se indican non deberías ter maior problema para a elaboración dun compost de calidade. Pero, en previsión de posibles dificultades, aquí tedes un cadro cos problemas e cuestións máis habituais relacionadas coa elaboración do compost

Problema	Posible causa	Solución
Cheiros	Exceso de humidade	Remexer e engadir materiais secos e porosos (follas secas, palla, restos de poda)
Cheiros	Compactación	Remexer e se continúa o problema, engadir estruturante
Mosquitos	Falta de aire	Remexer a materia e mesturala
Lixiviados	Exceso de auga	Engadir materiais secos (follas secas, palla, restos de poda)
Temperatura moi baixa	Pouca cantidade de materia	Engadir máis material
Temperatura moi baixa	Humidade insuficiente	Engadir auga
Temperatura moi alta	Pila moi grande	Diminuír o seu tamaño ou voltar para airear
Roedores	Acceso libre ao interior	Reparar. Se for preciso pódese colocar o composteiro sobre unha malla metálica fina que permitiría o intercambio de auga e microorganismos co solo e evitaría a entrada de roedores.

En Galiza, algo máis da metade dos residuos que producimos a diario son restos de comida, residuos procedentes de limpeza das hortalizas e restos de plantas da casa ou do xardín; é o que chamamos materia orgánica do lixo. Estes residuos domésticos son a fracción máis abondosa do lixo e a maioría das veces rematan en vertedoiros ou incinéranse, provocando unha forte contaminación. No lugar disto, podemos converter a materia orgánica en compost, un fertilizante moi bo para as terras: para volver producir verduras na nosa horta ou para o xardín.

Co Programa de Compostaxe Caseira no que estas a participar, ademais de coñecer e controlar o proceso de fermentación dunha masa de residuos orgánicos procedentes dunha vivenda até chegar a compost, contribúes a:

- Dar solución á problemática dos residuos, en especial da materia orgánica.
- Reducir en orixe o volume de residuos, coa conseguinte redución da necesidade de recollida, transporte, tratamento e a súa contaminación asociada (emisión de CO₂, de dioxinas, ruído, etc)
- Recuperar unha práctica tradicional, como é a esterqueira

En definitiva, a compostaxe en orixe ou caseira é unha das posibles aportacións que dende os nosos fogares podemos facer para preservar o medio ambiente.

¿QUÉ É A COMPOSTAXE?

¿QUÉ É O COMPOST?

A compostaxe é o proceso natural que permite descompoñer os restos de materia orgánica e convertelos nun fertilizante de calidade. Diferentes organismos solos os que transforman a materia orgánica en compost.

Desde que as persoas deixaron de ser recoletoras e comezaron a cultivar, tiveron que aplicarlle á terra as enmendas necesarias para que esta seguise producindo. Así, dende a antigüidade, a compostaxe é unha práctica cotiá en boa parte das culturas do mundo, desde China até Galiza. No noso país, as labregas e os labregos empregaron a compostaxe como unha maneira de estabilizar os nutrientes do esterco e outros residuos para empregalos como fertilizante






O compost é un produto que se obtén do proceso de compostaxe, estábel, hixiénico e semellante ao humus do bosque. Ao ser estábel xa non sofre máis descomposición e non provoca cheiros.




BENEFICIOS DO COMPOST

Diversos estudos veñen a indicar que os solos galegos están a perder materia orgánica debido ao abandono da vida rural e as explotacións gandeiras asociadas. Por outra banda, as terras que están abonadas con fertilizantes químicos experimentan ao longo dos anos unha perda na súa produtividade.

Mediante o abonado co compost, contribúese a:

-  Mellorar a estrutura do solo e a súa resistencia á erosión
-  Achegar os elementos nutritivos precisos para o crecemento das plantas. Ao liberarse paseniñamente, o seu aporte é continuado.
-  Aumentar a fauna do solo, miñocas sobre todo, que facilitan a aireación.
-  Minguar os efectos negativos dos axentes tóxicos, como pesticidas e metais pesados, ao non ter que empregar fertilizantes químicos.
-  Conservar as turbeiras ao non ter que empregar a turba como emenda.



COIDADOS

Como dixemos antes, a compostaxe é un proceso biolóxico realizado por microorganismos que precisan certas condicións, como son:

- **aireación**, que se obtén con unha boa disposición dos materiais. A estrutura axeitada conséguese cunha mestura dos restos de cociña e vexetais proporcionada. Para airea-lo compost só se precisa un pau ou sacha coa que voltear e remexer a parte superior (20 cm) do mesmo.

- **humidade**, é imprescindible para que teña lugar o proceso de compostaxe, e tanto o seu exceso como a súa falta fan que este se pare. O ideal é que fiquen húmidos pero non empapados, que ao tacto se note húmido pero non molle.

Se lle fai falta auga, esta pódese botar directamente sobre o compost, e se ten auga de máis o que haberá que facer é engadir-lle algo de material seco como follas e darlle a volta..

USO DO COMPOST

O proceso de compostaxe é natural polo que non é algo exacto, tarda en facerse varios meses, ata catro ou cinco, aproximadamente, e no proceso inflúen como xa dixemos dende a humidade, a temperatura así como os residuos que votemos e a época do ano, xa que no verán o proceso vai máis axiña que no inverno.


Cando xa está feito o compost ten o aspecto de terra negra. Podemos usa-lo directamente ou peneira-lo para quitarlle os anacos máis grandes de estruturante que poidan quedar.

Podemos empregar o compost para o xardín, horta ou plantas de interior, como complemento para a terra, en sementeiros ou transplantes, xa que as plantas precisan novos minerais e nutrientes.

O COMPOSTEIRO

É o recipiente onde se bota a materia orgánica para obter compost, a súa forma axuda neste proceso, xa que garda a temperatura e os seus buracos permiten a aireación.

O composteiro podemos adquiri-lo construído, ou fabrica-lo nos con diversos materiais como madeira ou redes diversas.



¿ONDE SITUAR O COMPOSTEIRO?

A situación do composteiro é unha das primeiras cuestións a considerar xa que a colocación do mesmo influirá no proceso de compostaxe, en especial na temperatura e na humidade.

O lugar adecuado é nunha esquina do xardín ou da horta que protexa o composteiro dos ventos dominantes, e a poder ser, debaixo dunha sombra.

É tamén de interese que o composteiro fiquede directamente sobre o chan e non sobre cemento para facilitar o acceso a miñocas e outros animais que axudan no proceso de descomposición da materia orgánica.



Algo importante é ter auga preto do composteiro para cando precisemos regar.

¿COMO COMEZAR?

Antes de comezar a botar materia orgánica no composteiro sería de interese poñer no chan do mesmo ramas e restos de poda ou toxos picados (material estruturante) ata unha altura de 10-15 centímetros.

Isto permitirá que os residuos non se compacten directamente sobre o chan e así circule o aire, fundamental para que a pila non cheire mal.

Algo que podemos facer para que comece antes o proceso de compostaxe é engadirlle algo de compost xa feito.

¿QUE BOTAR AO COMPOSTEIRO?

Temos que pensar que a finalidade do composteiro é dobre, por unha banda evitamos que a parte máis importante do lixo remate nun vertedoiro ou incinerada e por outra imos conseguir un abono de alta calidade. Por estas razóns é importante que o que botemos no composteiro sexa materia orgánica ben separada, é dicir, que non leve nin plásticos, nin latas, nin pilas nin ningún outro produto que poida contaminar o abono que imos producir.

No composteiro podemos engadir todos os restos da comida, follas, restos de poda, pousos de café, residuos orgánicos dos animais, algas, céspede...tendo en conta que canto máis variado sexa o material que compostemos mellor vai ser o compost.

Algo importante e fundamental é mesturar os restos da cociña cos restos vexetais triturados (material estruturante) como mínimo nunha cantidade de medio caldeiro de triturado por un de restos da cociña.

Elementos que se poden compostar	Materiais que non se deben engadir
<ul style="list-style-type: none">- Restos de cociña- Pousos do café- Flores e restos de plantas- Restos de podas de árbores e arbustos triturados- Herba do xardín- Follas- Restos de horta ou froita- Algas- Pelo (non tinxido)	<ul style="list-style-type: none">- Materiais que aínda que sexan orgánicos teñan substancias contaminates- Escrementos de animais ou persoas- Restos inorgánicos: plásticos, vidro, papel, aluminio, etc.